



Cruz Gallástegui Unamuno: o fundador da *Misión Biolóxica de Galicia* no Pazo de Pousada (Boqueixón)*

Manuel Redondo Mella
manuelcamporrap@gmail.com

Resumo. Cruz Gallástegui foi un enxeñeiro agrónomo, xenetista e veterinario pioneiro en Europa en experimentar cos híbridos do millo e grande impulsor da mellora e da modernización da agricultura galega a través da Misión Biolóxica de Galicia, creada en 1921 e da que foi o seu primeiro director. No centenario da Misión recuperamos a súa figura ofrecendo unha breve biografía e dando a coñecer os experimentos que desenvolveu no Pazo de San Lourenzo de Pousada (Boqueixón), xunto co testemuño de quen tivo a honra de traballar baixo a súa dirección.

Abstract. Cruz Gallástegui was an agronomist, geneticist and veterinarian who pioneered experiments with corn hybrids in Europe and was the driving force behind the improvement and modernization of Galician agriculture through the Biological Mission of Galicia, created in 1921 and firstly managed by him. On the Mission centenary, his figure is remembered with a brief biography and the experiments carried out in Pazo de San Lourenzo de Pousada (Boqueixón), along with the testimony of those who had the honor of working under his direction.

Cruz Ángel Gallástegui Unamuno¹ nace en Bergara (Guipúscoa) o 3 de maio de 1891, no seo dunha familia de clase media. Cursa o bacharelato no colexio dos dominicos da localidade e tras rematalo, por mediación de seu pai, chocolateiro e horticultor, trasládase a Limoges (Francia), onde traballou como peón nunha explotación de froita, á vez que aprendía francés e obtiña o diploma en xardinería e arboricultura.

Deixando o país veciño, marcha a Alemaña, onde a súa primeira dedicación é aprender o idioma; logo matricúlase na Real Escola Superior de Agricultura de Hohenheim, preto de Stuttgart. Nos intres

* Tradución ao galego e revisión lingüística de Henrique Neira Pereira.

1 En publicacións especializadas podemos encontrar interesantes artigos sobre a figura e a obra de Cruz Gallástegui.

En canto a libros, podemos atopar:

Portela Vázquez, Alberto Manuel. *Misión Gallástegui: la mejora genética agropecuaria*. Vigo, 2016.

VV.AA. *Homenaje a Cruz Gallástegui Unamuno: ciclo de conferencias organizado por la Academia Gallega de Ciencias*, Diputación Provincial de Pontevedra, Caja de Ahorros Provincial'. Pontevedra, 1985, Servicio agrario de la Diputación Provincial.

libres, dá clases particulares para financiar os seus estudos superiores, finalizándoos en 1914.

En Alemaña coñece a un lucense chamado Juan López Suárez, estudante de Medicina e persoa que influirá grandemente na súa carreira.

En 1915 presta servizo militar en San Sebastián, no rexemento de Artillería, onde acada o grao de sarxento.

Despois de visitar Dinamarca, Suecia e Noruega profundando nos seus estudos, en 1917 Gallástegui trasládase a Nova York, onde o esperaba o seu amigo lucense. Emprega dous meses para aprender inglés e anímase a especializarse en xenética, disciplina nova da bioloxía á que se lle augura un gran porvir. Pouco despois marcha a Boston, á universidade de Harvard, onde estuda xenética vexetal, especialmente a do millo. En 1919 vai traballar a Connecticut á estación de experimentación agrícola de New Haven, onde en colaboración con especialistas de ámbito científico consegue os primeiros híbridos dobres de millo.

No ano seguinte trasládase a México a visitar un irmán de seu pai, Teodoro Gallástegui, que ten unha explotación agrícola onde pon en práctica os seus coñecementos durante case un ano.

En marzo de 1921 doutórase polas universidades de Harvard e Cornell, e abandona os Estados Unidos desembarcando na Coruña, coa intención de regresar á súa Bergara natal. Casualmente, na estación de Monforte de Lemos (Lugo) coincide co seu amigo Juan López Suárez, que o convence para que o acompañe a Madrid a entrevistarse con Santiago Ramón y Cajal a fin de promocionar ante a Xunta de Ampliación de Estudos a creación en Galicia dun centro de investigación biolóxica para o desenvolvemento agrícola, proxecto sobre o que o doutor López Suárez traballara nos últimos meses xunto cos amigos da Real Sociedade Económica de Amigos do País de Santiago, pois en 1920 a Xunta de Ampliación de Estudos e Investigación Científica (JAE) de Madrid acordara ampliar a algunhas provincias a posibilidade de instalar centros de investigación.

O dinámico doutor López Suárez contacta con José Rivero de Aguilar, Jacobo Díaz de Rábago e Augusto Vaqueriza, da Económica de Santiago, e a eles entusiásmaos a iniciativa. A este proxecto sú-



Cruz Gallástegui. Foto: Real Academia Galega de Ciencias. RAGC.

mase o sabio veterinario anátomo-patólogo Abelardo Gallego, que consegue local e terreo para experimentar na Escola de Veterinaria compostelá, da que era profesor. Simultaneamente, o distrito forestal de Pontevedra pon á súa disposición os seus viveiros de Tui e de Chairán.

Creación da *Misión Biolóxica de Galicia* en Santiago

Santiago Ramón y Cajal, presidente da JAE, notifícalle a López Suárez o 10 de maio de 1921 a creación da Misión Biolóxica en Santiago, con Cruz Gallástegui como director e un comité directivo formado polo presidente da Económica de Santiago, José Rivero; o enxeñeiro de montes Rafael Areses Vidal; o veterinario inspector de hixiene pecuaria, Juan Rof; e o médico Juan López.

O laboratorio instálase modestamente en dous amplos locais da Escola de Veterinaria (sede actual do Parlamento de Galicia) e na súa horta, unha parcela de media hectárea. Por acordo da JAE denomínase Misión Biolóxica de Galicia, que se converte así na primeira de España e a segunda de Europa: nesta época traballan sobre este tema 26 misións nos Estados Unidos e tres no Canadá.

O seu orzamento total é de 15.300 pesetas anuais para persoal e material, incluíndo o soldo do director. O equipo centra o seu traballo en dous obxectivos: a mellora xenética do millo e o logro dun tratamento para a enfermidade da tinta, que arrasaba os castiñeiros en Galicia e en toda Europa: os cultivos de millo e castiñeiros son de capital importancia na alimentación humana. Axiña fan as primeiras sementeiras de millo, con sementes recollidas por toda Galicia.

Así comeza a Misión Biolóxica, onde o doutor Gallástegui, cunha dedicación absoluta, comendo e durmindo no mesmo laboratorio e coa única colaboración do seu axudante, Manuel Martínez, obtén os primeiros millos híbridos de Europa.

En outubro de 1921, Gallástegui remite a primeira memoria de actividades á JAE, voluminoso documento que terá a súa continuación catro anos máis tarde.

O día 3 de maio de 1924 casou en Santiago con Elisa Fraiz Tafall, coa que tivo dous fillos: María Lourdes e Juan Antonio. Viviron na rúa Troia 10, á beira da Catedral compostelá.

En xullo de 1924, un decreto suprime a Escola de Veterinaria de Santiago, fundada en 1882, pasando as instalacións a ser do Ministerio de Guerra, servindo de acomodo a un Rexemento de Artilleería. Gallástegui solicita permanecer nos seus locais, ocupando unha mínima parte do cuartel; conséguo, pero unicamente ata xaneiro de 1927.

En outubro de 1925 celébrase en Lugo o Primeiro Congreso de Economía Galega, no que Gallástegui participa activamente, e en xullo de 1926, un terceiro Congreso Agrario Rexional en Pontevedra no que pronuncia unha conferencia sobre a gandería galega. Pouco despois, as deputacións de Pontevedra e Ourense acordan concederlle unha axuda económica á Misión.

En setembro de 1927, asiste ó V Congreso Internacional de Xenética celebrado en Berlín e en xullo de 1934, ó Congreso Mundial do Leite celebrado en Roma e en Milán, representando o Ministerio de Agricultura español.

A importancia do millo na Galicia rural

Para coñecer a transcendencia da obra de Gallástegui, debemos retrotraernos á Galicia rural das primeiras décadas do século XX.

O millo introduciuno en Galicia, traído de Florida (Estados Unidos), Magdalena de Luaces, esposa de Gonzalo Méndez de Cancio, que fora gobernador daquelas terras en tempos de Felipe II. Asturiano el, de Tapia de Casariego, e lucense ela, de Mondoñedo, cultivárono nas súas leiras galegas por primeira vez arredor do ano 1605.

Nos seguintes séculos o cultivo do millo en Galicia adquiriu un gran desenvolvemento, desprazando o millo miúdo, e integrándose na cultura gastronómica popular. Nunha época na que, por razóns climatolóxicas, algúns anos minguaba a colleita e había que recorrer á importación, a creación da Misión e a rápida propagación dos millos híbridos permitiron incrementar notablemente a produción local e reducir as necesidades de importación. Con moita paciencia e coa colaboración dos sindicatos da Federación Católica, Gallástegui estudou durante oito anos o rendemento da inmensa maioría dos diversos millos galegos.

Cruzando dúas destas liñas obtivo Gallástegui un híbrido sinxelo. Repetiu o proceso con outras dúas liñas, e cruzando por último dous híbridos sinxelos, obtivo un híbrido dobre, que foi a semente seleccionada para ser utilizada polos labradores.

A consecuencia económica deste avance xenético supuxo que, se en 1930 a produción media de millo por hectárea era de 3.000

quilos, tras a introdución do millo híbrido e en igualdade de condicións, a produción alcanzou os 8.000 quilos. Suficiente para atender as necesidades internas e non precisar importacións, e que ata nalgún caso se puidese exportar o sobrante. Ademais, Gallástegui redactou un manual que contiña as instrucións e métodos a aplicar para aumentar a produción de millo, manual que alcanzou gran difusión e confirmou o alcume que os aldeáns lle puxeran: «O mago das espigas».

No manual explicaba como facer un híbrido: trátase de producir unha semente resultado da fusión de dúas variedades diferentes. Practícanse tres sucos: os dous laterais seméntanse coa mesma variedade de millo e márcanse cunha letra H (serán os destinados a oficiar de femias). O suco central seméntase cunha variedade distinta e marcámolo coa letra M (oficiará de macho).

Repetimos sucesivamente esta operativa en toda a parcela, e teremos unha sucesión de sucos en esquema: H-M-H H-M-H H-M-H...

Mentres medran as plantas, hai que facer continuos labores de arrincado de herbas, regado e vixilancia do seu desenvolvemento. O momento decisivo prodúcese na floración, a saída do que nalgunhas zonas de Galicia se chama pendón.

Unha vez sae o pendón nas plantas, ás que chamamos femias hai que arrincarllas para que non produzan pole, e déixase o pendón só nos machos, de tal forma que estes fecunden as femias a través do seu pole: un pó azul que vai caendo nas barbas das espigas femias; nestas, cada gran destinado a ser fecundado ten o seu peliño de barba, imprescindible para o proceso de fecundación.

Das sementes das espigas, só valen para hibridar as das femias; as espigas dos machos van para o consumo.

O traslado da Misión a Pontevedra

A supervivencia da Misión Biolóxica de Galicia en Santiago non era posible por falta de medios económicos, instalacións e interese das autoridades coruñesas. Cando parecía todo perdido, Gallástegui entrevistase o 19 de xaneiro de 1927 con Daniel de la Sota, presi-

dente da Deputación de Pontevedra, conseguindo o seu apoio para instalar provisionalmente a Misión na propia Deputación o 1 de febreiro do mesmo ano.

En marzo de 1928 constitúese un padroado rexional para a Misión Biolóxica de Galicia, integrado por Daniel de la Sota, representando a Deputación de Pontevedra, e outras moitas autoridades, que nomean a Cruz Gallástegui director da Misión Biolóxica de Galicia. Ademais, a Deputación pontevedresa adquire o Pazo da Carballeira de Gandarón, de 10 hectáreas de extensión; e neste edificio, chamado Pazo de Salcedo, instalárase definitivamente a Misión en maio de 1928, co apoio económico das deputacións de Pontevedra e Ourense, que achegan 4.940 pesetas cada unha; a Xunta de Ampliación de Estudos, que achega 10.500 pesetas, e por último do Instituto de Cerealicultura do Ministerio de Economía, 19.980 pesetas.

En Pontevedra continúaase co labor de selección do millo, iniciándose a distribución gratuíta de sementes; así, en 1928, repártense 900 quilos entre 115 labradores.

O ano 1929 marca un fito na Misión, tras incorporarse a este proxecto dous enxeñeiros agrónomos: Miguel Odriozola, que logo sería enviado a Inglaterra e Alemaña, e Vicente Boceta, procedente de Alemaña, pero tamén e sobre todo, por ser plenamente aceptado o labor da Misión polo Ministerio de Agricultura e comezar a ser subvencionada con regularidade.

En xaneiro de 1931 noméase un novo padroado, presidido polo reitor da Universidade de Santiago, Alejandro Rodríguez Cadarso, e apoiado por varios vogais. Gallástegui continúa como director da Misión.

A mellora da pataca e do centeo e as probas coa soia

A outra produción, case en réxime de monocultivo, que se alternaba na Galicia da época co millo, era a pataca, á que se lle dedicaban unhas 80.000 hectáreas. A súa introdución en terras galegas contou desde un principio co rexeitamento dos agricultores; de feito, en Galicia as sementeiras masivas deste tubérculo só se xeneralizarían a partir da Primeira Guerra Mundial, sendo algunhas variedades introducidas por emigrantes que regresaban de América.

Gallástegui, ademais de investigar e desenvolver os híbridos do millo e a epidemia da tinta do castiñeiro, quixo dedicar tamén as capacidades da Misión á mellora do cultivo da pataca de consumo, promovendo a semente de variedades de gran produción. Foi o primeiro labor serio e metódico realizado en España con vistas á mellora dun cultivo de tanta transcendencia alimentaria e económica.

A experiencia desenvolveuse coa colaboración do Sindicato de Produtores de Sementes, chegando a alcanzar unha produción de 40.000 quilos por hectárea, con variedades que ademais mostraban a súa resistencia ás viroses e hepifitias, dúas pragas moi habituais da época. Máis tarde, aplicáronse os mesmos procedementos de selección á pataca de semente nas instalacións da Misión Biolóxica. No campo de Vigo dedicaron unhas parcelas para o desenvolvemento dunha variedade de pataca temperá. Máis adiante, na provincia de Lugo, conseguiron a aclimatación e difusión doutras variedades diferentes das existentes ata ese momento, incrementando notablemente a produción deste tubérculo ata alcanzar uns 41.000 quilos por hectárea.

O investigador desenvolveu tamén un importante labor investigador co centeo, as hortalizas e as froiteiras, contando para iso co apoio de seu pai, Santos Gallástegui, e incorporando á Misión as plantas forraxeiras para mellorar a súa produtividade.

Nos anos 1932 e 1933 ensaiáronse tamén algunhas variedades de soia, conseguíndose colleitas de 2.000 quilos por hectárea das variedades Illinois e Duranfield.

O Sindicato de Produtores de Sementes

En 1930, xunto a Daniel de la Sota, Cruz Gallástegui fundou o Sindicato de Produtores de Sementes, que lles facilitou ós labradores sementes das diferentes variedades de millo, pataca e plantas forraxeiras logradas na Misión; por exemplo, no caso da pataca, difundíronse as variedades Reina Branca e Pebida de Ouro, así como novas variedades de patacas de sementeira.

O Sindicato naceu como necesaria proxección do labor da Misión Biolóxica; mentres esta era o centro técnico e de investigación,

o Sindicato asumía a función social, é dicir, a posta en práctica do traballo do laboratorio e a súa divulgación, no labor de apostolado; para poñelo en funcionamento, Gallástegui estudou a organización dunha entidade similar en Suecia: a Estación de Sementes de Swalof.

A obtención dos dobres híbridos de millo debía facerse todos os anos, porque cando se sementaba o seu produto este dexeneraba ostensiblemente, facendo necesaria a súa renovación. Velaquí o obxecto inmediato do Sindicato: recoller da Misión os híbridos e producir o dobre en cantidade suficiente para fornecer de sementes os labradores que seguían as instrucións da Misión.

Ademais, coa cota que abonaban os labradores socios do Sindicato, contribuíase a estender a obra da Misión e a financiar, nunha modesta parte, esta. O Sindicato funcionou ata 1936.

O interese polo gando vacún e porcino e o seu labor como veterinario

Fixando o seu obxectivo na mellora da produción láctea das vacas galegas, Gallástegui achegou a Galicia unha nova metodoloxía: o control leiteiro, que en esencia consiste en controlar a cantidade e calidade do leite dun elevado número de vacas durante o seu período de lactación, para buscar entre todas elas as de maior produción e ser apareadas con touros sinalados como mellorantes, controlar posteriormente as fillas destas unións e así sucesivamente, chegando no transcurso duns anos a dispor de vacas con producións de leite moi superiores ás das súas avoas ou bisavoas.

Gallástegui aplicou esta metodoloxía que, a partir dos anos 30 se aplicaría nos Estados Unidos e en moitos países europeos, especialmente tras a Segunda Guerra Mundial. Este foi un importante labor práctico que puido realizar a Misión Biolóxica na mellora do gando vacún.

Unha investigación sobre a alimentación do gando porcino –moi numeroso na Galicia daquel tempo– foi iniciada na Misión a partir de 1929, testando tres lotes de porcos: un, alimentado ó estilo tradicional: con patacas cocidas e fariña de millo; os outros dous, con ra-

cións elaboradas a partir de fariñas de peixe, de millo e de cacahuete en diferentes proporcións. Os animais nutridos coas fórmulas innovadoras ofreceron mellores resultados que o lote criado coa fórmula tradicional. Estes resultados, publicados en 1930, conduciron a que o Goberno lle encargase a Gallástegui un plan de mellora do gando porcino, dotándoo con 25.000 pesetas.

O investigador viu a posibilidade de situar na Misión un cortello experimental con vistas a mellorar a cabana existente en Galicia, e encomendoulle ó seu colaborador, o enxeñeiro agrónomo Miguel Odriozola, que se atopaba en Inglaterra, a adquisición dun lote fundacional, dándolle liberdade para concretar os detalles e elixir os exemplares máis idóneos, que foron da raza Large White.

Adquiríronse dous porcos e catro porcas preñadas que desembarcaron en Vigo en 1931. Foi todo un éxito de Gallástegui, demostrando as vantaxes da produción dunha nova tipoloxía de porco; entregaba unha carne máis magra e menos graxa, e o animal era un pouco máis precoz, criándose en menos tempo que a variedade ata entón predominante en Galicia.

Cruz Gallástegui afirmara que nunca chegaría a exercer directamente a profesión de veterinario, a pesar do respaldo de numerosos profesores da Escola que gozaban da súa amizade, e en especial de Antonio Odriozola, irmán de Miguel. Con todo, interveu nas asembleas do Colexio Oficial de veterinarios da Coruña, pronunciando conferencias sobre xenética e sendo distinguido como Colexiado de Honra daquela corporación.

No mesmo decreto do mes de maio de 1931 polo que se crea a Dirección Xeral de Gandería, faise mención á creación dunha comisión para que redacte o regulamento de servizos do novo organismo. Por decreto do 5 de xuño do mesmo ano nomeouse tal comisión, integrada por un selecto grupo de personalidades veterinarias, entre as que figuraba Gallástegui.

O seu labor no Pazo de Pousada desde a miña experiencia persoal

Nas primeiras décadas do século XX o Pazo de Pousada (Boqueixón) –propiedade da familia Fraiz– era coidado e as leiras sementadas por dous ou tres caseiros que vivían nunhas casas sinxelas, nos arredores da casa señorial. Era costume dos propietarios da época pasar as vacacións na aldea; levaban con eles unha criada ou dúas, os avós, os netos... e permanecían alí os meses estivais. En setembro regresaban á cidade osixenados. Nalgunhas casas burguesas ou pazos era tamén habitual enviar á cidade produtos do campo, tales como patacas, legumes, leite ou mesmo leña para as cociñas e estufas.

A Elisa, a herdeira da familia Fraiz, víñalle moi ben un home vencellado á agricultura para xestionar as súas terras. Para D. Cruz –que é como eu o trataba– foi case unha lotería verse nun Pazo con leiras, xa que el, en datas anteriores, tivo que andar case mendigando para conseguir terreos e locais nos que realizar os seus experimentos.

Con todo, non foi un camiño de rosas; no Pazo había caseiros cos que houbo que negociar para que deixasen o edificio. Outro problema engadido era que xeograficamente o Pazo non estaba favorablemente situado para facer experimentos: un día, charlando con D. Cruz, pregunteille por que non se facían no Pazo sementes de híbridos; a súa resposta foi que o millo que se producía alí era para o consumo, e explicoume que o Pazo non tiña a localización perfecta para iso, pois había leiras de veciños nos seus arredores, e o pole veciño voaba moi lonxe cando facía vento e os experimentos do Pazo arruinaríanse.

Con todo, nunha ocasión tiña necesidade de facer un híbrido de millo e entón alugáronlle a un veciño apelidado Pedrouzo, de Pousada, unha leira que tiña case no monte, apartada doutras leiras cultivadas. Naquela tarefa participei eu, cousa que en certo xeito agradecín, porque obtiven algúns coñecementos básicos de como se fai un millo híbrido.

Nunha ocasión, falando de híbridos, selección de razas e sementes, eu pregunteille:

– Se no millo do país se lograra un tipo de híbridos cunha planta de dúas espigas, conseguiríase obter varias plantas con dobre colleita?

Respondeume inmediatamente:

– Que non che caiba a menor dúbida. Está comprobado que, para conseguir mellor produción hai que empezar por seleccionar as mellores plantas e os mellores animais para ser reprodutores.

Logo, contoume unha anécdota que lle pasou cuns veciños:

– Mira, Manuel, ás veces non é fácil. Eu tentei ensinar dunha forma voluntaria, a uns cantos labradores de Pousada, como debían cultivar as leiras e sementar as sementes seleccionadas para obter mellores colleitas. José María, o encargado do Pazo, buscou os candidatos. Iniciáronse algunhas charlas, e desde o principio daba a impresión de que os asistentes non prestaban grande atención; sucedéronse os encontros algúns días máis, e puideron ver e comprobar o pouco interese e o pouco valor que para eles supoñía o uso de sementes seleccionadas. Aínda por riba, un díxome que o importante é estercar ben as terras, que as sementes eran o de menos. Ante este panorama e vendo o fracaso do meu ofrecemento, as charlas suspendéronse; e aí seguen eses labradores coas súas ideas e métodos doutroa.

No Pazo, as sementes que regularmente se vendían eran de patacas e chícharos, e en menor proporción tamén de hortalizas e plantas forraxeiras, alcanzando gran popularidade as Semillas Gallástegui, que se comercializaban en feiras, mercados e establecementos especializados, como a Droguería Bermejo de Santiago; o resto de cereais que se producían, tal como trigo e millo, vendíanse para o consumo. No Pazo tamén había viñedos, pero non se lles prestaba gran atención; de cando en cando, embotellábase unha partida de viño que ós poucos se ía levando a Santiago.

Eu saquei a conclusión de que o Pazo de Pousada, tal e como estaba concibido, non era rendible; máis ben tíñao como un hobby, como unha maneira de conservalo e mantelo, e quizais tamén como refuxio para relaxarse e descansar. Nunha ocasión, D. Cruz comentoume que el non tiña tempo para pensar no Pazo, facer plans ou proxectos, que estaba moi ocupado coa Misión. O tempo da viaxe indo ou vindo de Pousada era usado por el como tempo dispoñible para pensar.

Na leira do Pazo traballaban cinco ou seis obreiros, que a pesar duns soldos baixiños, supuñan un gasto que o Pazo non podía asumir, xa que este non xeraba os suficientes ingresos para facer fronte a

eses pagos mensuais. De feito, cando se ampliou o galiñeiro, D. Cruz preguntoulle a José María, o encargado:

– E... con que diñeiro imos pagar esta obra?

José María respondeu:

– Pois hai no monte moitos piñeiros que se venderían ben, agora o seu prezo está en alza.

– Pois iso haberá que facer –sentenciou.

Nunca dedicou moito tempo exclusivamente a ese Pazo. Cando eu o coñecín en Valladolid, cara a 1952, estaba de director dunha granxa moi grande –aquilo parecía unha pequena vila– que se dedicaba tamén a seleccionar e producir sementes (Semillas Prodes). Durante aquel tempo, eu creo que mesmo se mantivo alleo á Misión Biolóxica. Uns dous anos máis tarde, deixou Valladolid e regresou á Misión de Pontevedra.

A súa vida de entón repartiuse entre a Misión Biolóxica case toda a semana e o Pazo de Pousada algúns domingos e festivos acompañado en ocasións da súa esposa, apenas recalando na casa de Santiago, na que vivía ela coa compañía dunha ou dúas criadas.

Os meus inicios no Pazo de Pousada

José María de Ramalleiras, encargado do Pazo de Pousada alá por 1952, era coñecido de meu pai –este e meu avó traballaran para el en varias ocasións– e propúxolle á familia que un dos membros máis novos fose traballar con el para o Pazo, en calidade de avicultor. Para iso, o elixido debería ir antes facer un curso duns catro meses a unha granxa de Valladolid.

Sendo eu un rapaz de 16 anos, sentínome contento e recoñecido por ser elixido; Luis xa era maior, ademais non era o desexo del ir a unha granxa. Ramón era demasiado novo e o seu estilo tampouco encaixaba co de coidar galiñas. Eu xa tiña na casa unha imaxe de mozo curioso e levaba ano e pico traballando con José para ser carpinteiro. O que máis me motivou para aceptar foi saír da aldea e viaxar a Valladolid; se non fose por iso, posiblemente non fose para o Pazo. Así, para min foi darlle á vida un xiro de 180 graos: foi o

principio e a base para canalizar a miña vida, ó serme moi útil para o futuro; ademais, a estadia como período de formación naquela terra de Castela, tan diferente e distinta a Galicia, sentoume ben: o tempo seco e asollado, o terreo chan, o río Douro á beira, a longa estrada asfaltada paralela á vía do ferrocarril... Era bonito e relaxante ver pasar o tren con aquela locomotora de vapor botando fume, cuxo chifre se ouvía en todo o val.

A Finca Retuerto parecía unha fermosa vila; compoñíase dunha corte moi moderna de vacas, un cortello de porcos, a granxa avícola –un enorme galiñeiro de catro naves–, unha vivenda para o encargado avicultor e outros edificios onde se aloxaban traballadores e obreiros. Mesmo había unha escola, un bar e unha pequena capela. Alí case sempre andabamos en zapatillas, non se usaban zocos, nin iamos por herba ou ó muíño. Os domingos adoitabamos ir ó cine a unha vila próxima, Quintanilla de Duero.

Nesas terras aprendín un pouco a tratar a xente e practicar o castelán. O Sr. Gallástegui encargouse de buscarme un amigo, o máis novo dos fillos dun matrimonio galego que vivía na granxa; o pai era albanel e facía equipo e cuadrilla cos seus dous fillos. Debeu de recomendarme moi ben, porque tanto el como a súa familia tratáronme estupendamente. Cando regresei desta viaxe sentía certa nostalxia de Valladolid; xa en Pousada, a lama dos camiños obrigaba a calzar zocos con ferraduras igual que os cabalos; pasar a Agra da Silveira chovendo e con vento cruzado era toda unha odisea.

Pero como ocorre case sempre na vida, unha de cal e outra de area. Eu era consciente de que tiña unha responsabilidade, que incluía traballar domingos e festivos, pero a cambio non tiña directamente ningún xefe, só o Sr. Gallástegui de cando en cando; José María era o encargado xeral do Pazo, pero a granxa avícola funcionaba un pouco á parte, xa que el non sabía nada de avicultura e esa sección só me ocupaba eu. Outro detalle que tiven en conta para deixar a casa familiar era que me liberaba de ter que levar as vacas a pacer no prado, de ter que ir por herba ou ó muíño, pois eu non era un mozo moi forte e eses traballos eran para min un calvario.

Daquela o básico era colocarse, o salario nin se preguntaba. Ós dous meses, un domingo estaban de visita D. Cruz e seu fillo Juan

Antonio, e pasou meu pai, que xa coñecía a D. Cruz por traballar de canteiro alí, e preguntoulle que tal o rapaz, se cumpría co previsto e canto ía ser o meu soldo. Comentáronlle que levaba pouco tempo, pero que nuns días tería a información. Lémbrome como se fose onte; na seguinte visita entregáronme un sobre cun folio escrito que dicía exactamente así:

El salario de Manuel Redondo no se puede señalar con carácter definitivo hasta que él vaya demostrando que es merecedor de él; por lo tanto, el 1^{er} trimestre será de 10 pesetas diarias, el 2^o trimestre, 12 pesetas y a partir del 3^o será de 15 pesetas diarias.

Non se facía ningunha mención ás vacacións, Seguridade Social, etc. Eses detalles brillaban pola súa ausencia. Naqueles tempos así se facían os acordos de traballo e ata o viamos normal. Por tanto, tiven que esforzarme para facerme valer e que fose recoñecido o meu traballo profesional; creo que o conseguín e eles entendérono.

As miñas primeiras iniciativas de mellora do Pazo

Ó traballar de continuo nun mesmo sitio, un vai adquirindo coñecementos e acumulando experiencia. Co tempo, vaise distinguindo o traballo ben feito do non tan ben feito, e como pasa en moitas ocasións, un dáse conta das luces e das sombras dunha organización. Mesmo empecei a identificar o que para min eran erros por parte de D. Cruz.

Por exemplo, ó pouco tempo de iniciar o meu emprego na granxa, recibíronse 200 pitos acabados de nacer enviados dunha granxa de Madrid, para os que xa prepararan como calefacción unhas lámpadas de raios infravermellos que daban luz e calor; pero non tiveron en conta que naquel tempo a corrente eléctrica marchaba moi a miúdo, deixando as lámpadas sen enerxía. Para paliar isto, instalouse unha estufa de serrín que ninguén sabía manexar, salvo eu, porque era como as que tiñan en Valladolid. Unha noite fallou a luz a iso do tres da madrugada e ninguén se decatou. Para cando José María se deu conta ás sete da mañá, os pitos, co frío, amontoáranse a base de meterse uns debaixo dos outros para acubillarse, como o farían coa mamá galiña. Resultado: corenta e pico pitos asfixiados;

puxen inmediatamente en marcha a estufa de serrín, pero aínda así seguiron morrendo algúns máis.

No ano seguinte, instaláronse dúas estufas similares a un parau-gas metálico con patas, que na parte de arriba tiña unha resistencia eléctrica; eran efectivas en canto a dar calor, pero cando marchaba a luz repetíase a mesma canción; viñan co complemento dun chisqueiro de petróleo de chama azul, como solución B ante interrupcións eléctricas. Máis adiante explicarei os inventos que eu deseñei, todos cun funcionamento e rendemento satisfactorios.

Unha cousa que eu tiña a favor é que dispoñía de moito tempo libre, o que me permitía pensar e facer algúns traballos extra. A D. Cruz encantáballe esta faceta miña, e valoraba moito que eu tivese iniciativas persoais para mellorar os procesos da granxa.

O primeiro labor extra que levei a cabo persoalmente foi pintar toda a nave do galiñeiro. O teito era de madeira e pinteí con cal vivo teitos e paredes. Nunha visita de D. Cruz, José María díxolle que Manuel lle tiña reservada unha sorpresa, a ver que lle parecía. Ó contemplar aquela construción toda branca, exclamou:

– Carai, Manuel, felicítote! Esta pintura, á parte de procurar un ambiente atractivo, é un desinfectante moi acorde para estes lugares. Moi ben, Manuel.

Dado que as aves beben moita auga debido a que comen penso moi seco, existían uns bebedoiros que se enchían carrexando caldeiros de auga. Eu presenteí un proxecto xunto cun bosquexo para facer unhas piletas alongadas e comunicadas entre si baseándose no sistema de vasos comunicantes, e cun nivel de auga que estaría automaticamente regulado por unha válvula e un flotador como o dunha cisterna de aseo. Cando lle mostrei o proxecto a D. Cruz, díxome:

– Carai, Manuel, vaia cousas que inventas! Consultareino con meu fillo e cun fontaneiro que hai na Misión.

Na seguinte visita deu o visto e praxe á obra, aínda que non foi sinxela, posto que houbo que facer unha gabia e meter un tubo desde a mina de auga ata o galiñeiro.

A esencia dun bo invento é que sexa sinxelo e á vez teña un bo rendemento. E neste caso, así foi: instalouse tal e como estaba

previsto cuns resultados satisfactorios. Tras uns meses, achegóuseme D. Cruz porque quería dicirme algo. Eu quedei pensando en algo negativo, pero non era así, e é que se estaba proxectando instalar no cortello da Misión eses bebedoiros que eu deseñara; aínda que alí xa había auga corrente e unha billa, era preciso encher os bebedoiros cun caldeiro. Para min foi unha gran satisfacción e un recoñecemento ó labor que eu exercía na granxa.

A ampliación da granxa avícola

Pasou algún tempo, e foi tomando forza a idea de ampliar a nave do galiñeiro; era necesario dispor dun lugar máis grande e adecuado para a crianza dos pitos e, á vez, facer un cuarto para as incubadoras. Despois dalgunhas ideas e comentarios, un día dixo D. Cruz: -Ben, pois haberá que pensar de que forma se pode realizar a ampliación.

José María expuxo:

- Ben, Manuel xa ten un bosquexo do proxecto, a ver que lle parece.
- Ah... ben, pois a ver que se che ocorreu.

O proxecto consistía en ampliar a nave construíndo outra a continuación, pero levantando entre ambas unha torreta máis elevada, onde se situarían o almacén, o cuarto de incubadoras e unha zona de estar. Pasouse un intre mirándoo e logo dixo:

- Esteticamente véxoo bastante aceptable, pero pregúntome que utilidade ten esa torreta máis elevada.

Entón eu expliqueille:

- O primeiro é que rompe a monotonía, para que non apareza unha nave toda igual, moi longa e con pouca graza. A planta de arriba pódese utilizar para pór a mesa de escritorio, o ficheiro, o botiquín, as vacinas, leite en po e talvez caixas de ovos, e... o día de mañá se eu caso, serve de vivenda para o avicultor.

O xefe quedou un tanto pensativo e comentou:

- Ah... ti, Manuel, baseácheste no de Valladolid; pois si que alí había un piso para o Sr. Basilio, o avicultor.

Eu confirmeille que, efectivamente, de aí me veu a idea. Respondeume:

– Está ben, como é lóxico, isto hai que pensalo e ver se é factible; quero que o vexa meu fillo e consultareino cun arquitecto que ás veces nos visita na Misión.

Na seguinte visita comentoume que aínda estaban a estudar e valorando o proxecto, pero xa me adiantaba que o valoraban positivamente. Máis tarde, noutra viaxe, xa deu abertamente luz verde a ese proxecto, xa que tanto seu fillo como o arquitecto o vían razoable e executable.

Entón, ó choio: José de Rendo e Avelino de Ramalleiras eran socios albaneis e sempre eran eles os que facían as obras no Pazo. Pasamos un tempo medio revoltos entre ladrillos e galiñas. Un día Rendo trouxo chicharróns e á hora de comer fixemos unha tortilla con ovos e rixóns que compartimos, man a man; estaba excelente.

O proxecto foise desenvolvendo segundo o previsto e eu íao seguindo coma se fose algo meu. Unha vez realizada a obra, eu sentíame a gusto na estancia superior; tiña tres ventás e podíase contemplar toda a leira, a igrexa e as casas limítrofes; montei alí unha estufa cunha grella para cociñar e nela facía as miñas comidas.

A estufa de leña

Pasei algún tempo dándolle voltas a ver que solución atopaba para poñer unha calefacción que non fose afectada polos cortes de luz. Coa tempada da crianza de pitos, inaugurábase a parte nova da ampliación do galiñeiro e era moi importante dispoñer dunha calefacción estable. A idea foise forxando ós poucos para terminar chegando a esta solución: comprouse un bidón metálico reforzado –non lembro se de 100 ou 200 litros–, que o vendían na rúa das Trompas de Santiago, ó que se lle soldaron unhas patas nun taller de bicicletas que había no Empalme de Vilar onde había un equipo autóxico de soldadura. Púxoselle arriba unha tapa (testo) dun pote vello e colocóuselle por dentro unha grella na zona inferior, deixando debaixo un oco para a cinza. Aí abríuselle unha ventaíña para colocar un dispositivo que tiña axustado un disco de dobre tapa –tiñámolo como repostos da incubadora– cheo dun líquido, éter, que coa calor se dilatava. Ese movemento de dilatación e contracción movería

unha pequena variña que á súa vez bascularía un prato que pechaba e abría o tiro do aire, autorregulándose así a estufa.

Fíxose unha cheminea composta de tubos de chapa de metal, que no canto de saír ó teito en vertical, daba a volta arredor da estufa para logo saír para o exterior en horizontal, xa que este tipo de tiro-cheminea aproveita mellor a calor xerada na estufa. O interior desta forreino eu con ladrillos macizos refractarios, que custa moito quentalos, pero unha vez que alcanzan temperatura conservan a calor por moito tempo.

Para construír este aparello calefactor, José María e mais eu fixemos un pacto de silencio: D. Cruz non sabía nada, fixémoslo baixo corda e probámolo para asegurarnos de que funcionaba ben antes de comunicarllo ó xefe, o que foi para el toda unha sorpresa. O día que tocou a súa visita, puxemos a estufa en marcha, e cando estabamos a charlar como de costume, comentounos que se achegaba a data para a cría dos pitos, e preguntou se xa pensáramos que calefacción se ía a instalar. José María, sorrindo, respondeulle que xa estabamos niso, e que, de feito, Manuel ideara unha estufa de leña que parecía unha boa solución. D. Cruz pedíume entón que lle explicase en que consistía, pero adiantouse José María dicindo que era mellor que a vise en por si. Levámolo ó galiñeiro, e ó contemplala, exclamou:

– Vaia artefacto que preparastes! E... isto como funciona?

Tomeime o meu tempo explicando o dispositivo:

– Mire, este é o termostato –un recambio da incubadora– que pecha ou abre o tiro do aire, e que se pode regular para conseguir a temperatura desexada. O seu interior está recuberto con ladrillo refractario, a cheminea vira arredor da estufa para aproveitar a calor e a carga de leña ten autonomía para 8 ou 10 horas; practicamente, toda a noite.

D. Cruz quedou impresionado, e díxome:

– Vaia, vaia, Manuel, se isto funciona así de ben, téñote que felicitar; despois de comer baixarei coa máquina para sacar unhas fotos.

Tal e como dixou, despois de comer sacou unhas fotos e comentou:

– Teño que levarte un día a coñecer a Misión, alí coñécete algunha xente porque eu, nalgunhas ocasións, fago algún comentario das túas fazañas.

Pasou o tempo e a D. Cruz, supoño que por estar moi atarefado, eu creo que esqueceu a promesa.

O secadoiro de millo

No Pazo existía un hórreo bastante grande, pero insuficiente para gardar todo o millo obtido na leira; entón pensouse facer un secadoiro –tamén o tiñan en Valladolid–. Este dispositivo consistía nun depósito de formigón, provisto dunha reixa integral horizontal a uns 25 centímetros do chan e dun forno de leña na cabeceira; de cuxa parte superior, ou sexa, na bóveda, saían uns tubos duns 8 ou 10 centímetros de diámetro, que na zona traseira se conectaban cun potente ventilador que lanzaba o aire quente do forno por baixo da reixa. Así, ó encher o depósito de espigas de millo, en dous días estas atopábanse totalmente secas e a punto para almacenar. O enxeño dispoñía dun termómetro para controlar a temperatura e dun higrómetro para regular a humidade.

Unha vez seco o millo, debullábase e aventábase para ser gardado nuns pequenos silos de formigón que estaban na casa grande. Despois, pasado un tempo para evitar algunha posible epidemia, como a couza ou o gurgullo, poñíase dentro de cada silo un recipiente con sulfuro de carbono, un líquido que se evaporaba e penetraba ata o último recuncho, eliminando todo parasito e preservando o millo para os meses posteriores. Había que selar a tapa de cada silo cunha papilla feita de fariña para que non houbera fugas do carbono.

O experimento do cornizó

O cornizó (comezuelo en castelán) é un fungo e parasito que aparece nalgunhas espigas do centeo, e que contén certas substancias medicinais –alcaloides do grupo da ergotamina.

O experimento con este fungo foi o máis relevante que eu vin no Pazo. A Misión Biolóxica tiña certos contactos cos Laboratorios Zeltia do Porriño (Pontevedra); de alí viñan insecticidas –uns frascos cun líquido para sulfatar as viñas– e as vacinas da peste aviaria –Zoopestol.

O plan era facer que as espigas do centeo producisen moito cornizó. Para iso, sementouse unha parcela bastante grande de centeo e recibíuse unha visita dun directivo de Zeltia e de dous alemáns, cos que D. Cruz falaba no seu idioma.

A operación máis delicada foi na floración: chegaron nunha furgoneta dous empregados de Zeltia cun tipo de bombonas que cargaban con auga mesturada cun líquido desenvolvido por eles; a aquelas dábaselles presión cunha bomba e conectábanas a unha pequena manguera cunha pistola que tiña varias agullas –12 ou 15–, para entón ir espiga por espiga inxectando ese produto que, como quen di, era o fermento para que brotase o cornizó, todo un traballo exhaustivo; tras unhas poucas semanas, o cornizó invadira as plantas, e empezábase a recollelo coas mans, espiga por espiga; máis traballo exhaustivo. Francamente, vendo o custoso e enrevesado deste ensaio, eu teño as miñas dúbidas de que resultase rendible.

Creación de híbridos en avicultura: unha nova tipoloxía de galiña

Na granxa avícola do Pazo desenvolveuse un pequeno experimento para lograr unha raza híbrida de galiña a partir doutras preexistentes. Alí, a semellanza do resto do país, a chamada Leghor Branca era a raza máis habitual: un animal de plumaxe branca, tamaño mediano e pouco peso, grazas ó cal comía menos penso que outras razas máis pesadas. A cambio, entregaba uns ovos brancos de tamaño mediano.

Había tamén na granxa un pequeno grupo de raza Rhode Island, ave americana máis forte e pesada, de plumaxe cor castaña. Moi xenerosa á hora de entregar carne, a súa produción de ovos non era, con todo, maior que a das Leghor Branca, pero si esixía un vinte por cento máis de penso que estas.

Nun principio, o ensaio tratou de cruzar estas dúas razas, pero houbo problemas de compatibilidade, e o experimento debeu ser cancelado.

Finalmente, foron cruzadas galiñas Leghor Branca con galos de raza Castelá Negra, de cor negra, dúas razas de peso e fisionomía bastante parecidos. O resultado foron uns pitos de cor castaña es-

cura que de adultos producían ovos de casca morena, máis aceptables para o mercado que os de casca branca producidos polas Leghor Branca.

Luces e sombras no pazo

No Pazo existían dous grandes depósitos de auga alimentados por dúas minas, cuxa auga só se utilizaba no verán para regar patacas e millo; o resto do ano, era auga perdida.

José María quixo convencer a D. Cruz para dedicar unhas parcelas a prado, como forma de aproveitar esa auga sobrante e de paso dispoñer de herba próxima para o gando, pero el non valorou favorablemente esa idea; para o meu pensar, un erro pouco comprensible.

Nun recuncho da casa, no faiado, almacenara un pouco de todo; entre outras cousas, había amontoados varios rolos de tubos de chumbo, que polo visto se adquiriron para instalar na casa a auga corrente. Finalmente, a obra non se fixo, xa que un arquitecto aconsellara primeiro restaurar a casa, para logo instalar a auga corrente e o baño. Aquí encaixa á perfección esa famosa frase de meu pai: «As cousas, cando se fan, fanse en condicións, e senón, non se fan».

Se a obra da casa tivese unha espera dun ou dous anos, pois ben, de acordo; pero se esa data estaba a anos vista; entón, apaga e vámonos. O máis normal sería poñer a auga corrente provisional e un cuarto de baño, porque o único que había era un retrete e un lavabo, para o que tiñan que levar á man a auga nunha xerra ou caldeiro.

Outra polémica sucedeu co tractor; D. Cruz dicía que as parcelas do Pazo eran moi pequenas e que o tractor viraría con dificultade. Un día José María pedíume que lle botase unha man a ver se entre os dous o convenciamos para comprar un. Na seguinte visita de D. Cruz, como era costume, sentou nunha banquetta a charlar con el; José María e mais eu sacamos o tema dicíndolle que en tal caso se podería prescindir dunha das dúas parellas de bois e quizais sobrase tamén algún obreiro. D. Cruz puxo cara de circunstancias e dirixíndose a min, dixo:

– Pero Manuel, ti non te acordas de que en Valladolid había dous tractores? Alí labrábanse parcelas de dous ou tres quilómetros, pero aquí no Pazo... isto é unha miniatura.

Tras un intre de charla, propuxo adquirir o que el chamaba unha «mula mecánica» que era un pequeno tractor dos que se usan nas hortas. De pouco tería valido, e nunca o soubemos, porque finalmente a compra non se fixo e esa máquina nunca chegou ó Pazo.

Os abonos químicos

D. Cruz cursou parte da súa carreira nos Estados Unidos. Alí as extensións son tan grandes que unha soa leira de trigo pode alcanzar varios quilómetros, polo que é impensable fertilizar con esterco, usándose entón fertilizantes químicos. Creo que iso influíu nas súas ideas, porque no Pazo, á parte do esterco, tamén se utilizaban varias tipoloxías de fertilizantes químicos, como cienamida de cal, Escorias Thomas, nitrato de Chile, etc.

Hoxe en día, que tanto se fala de produtos ecolóxicos, de tenreiros de pasto, de ovos de galiñas campeiras, de froitas e verduras libres de insecticidas... os usos e ideas do Sr. Gallástegui non encaixarían cos do presente.

Epílogo

Facendo unha valoración do meu traballo e da inventiva que fun achegando á granxa avícola, se hei ser sincero, creo que me dou por satisfeito; e o máis importante, sentínome apreciado e recoñecido no labor que alí fun desenvolvendo. Por outra banda, creo que fun merecedor do soldo que recibía. Cando deixei o Pazo, en 1958, porque tiven que ir á mili, o meu salario era de 1.000 pesetas ó mes. Hoxe en día parece escaso, pero naquel entón era unha retribución bastante aceptable.

Entre o Sr. Gallástegui e mais eu case existía unha verdadeira amizade. Sendo el unha persoa con ampla cultura e un alto grao de formación e experiencia, parecería algo chocante, porque eu ó seu lado parecía unha formiguiña; pero D. Cruz era unha persoa nobre e sinxela, que non facía gala do seu status social, por iso respectaba a toda clase de persoas e falaba con elas aínda que fosen de clase modesta.

Ó comezo da miña estadía na granxa avícola comentou que habería que comprar unha carretilla para limpar o galiñeiro; José María adiantouse e díxolle que non se molestase, que a podía facer o carpinteiro; e si, fíxoa o carpinteiro, pero, de que maneira: cunha pesada roda de ferro e unha non menos pesada armadura de madeira, que parecía pensada para que tirase dela unha mula. Un sábado, limpando a nave, aparece D. Cruz:

– Ola, Manuel, que tal a carretilla?

Respondinlle:

– Ben, non está mal, pero en Valladolid había unhas moi lixeiras e con roda de goma.

El exclamou:

– Vaia, vaia, menos mal que alguén me entende! Non te lembrás que no seu día falamos de que a compraba eu?

Sen máis, saca a axenda do peto e escribe: Comprar carretilla para Manuel. Ós quince días volveu coa carretilla na baca do seu turismo Ford:

– Toma, Manuel, as chaves do coche; baixas a carretilla e gardas as correas no maletreiro.

Máis tarde preguntoume:

– Que tal? Gústache?

Respondinlle:

– Vaia se me gusta, con roda de goma e é moi lixeira.

E comentou el:

– É que a outra non parece unha carretilla, máis ben parece un tanque.

Enxalzamento

Esta é a acción que merece a persoa de D. Cruz Ángel Gallástegui Unamuno. Un vasco que se asentou en Galicia, onde faleceu no

Pazo de Salcedo (Pontevedra) o 7 de xuño de 1960. Loitaba e traballaba con afán e ilusión, e froito dos seus experimentos conseguiu grandes avances na agricultura e gandería. Galicia ten moito que agradecerlle porque, a pesar dos seus éxitos e das homenaxes recibidas, hai un sector da poboación que non o coñece. D. Cruz, ademais de posuír unha gran cultura e ser un mestre na súa profesión, era un señor e un cabaleiro, pero tamén un colaborador, un compañeiro e un amigo. Para min, que tiven a sorte de coñecelo persoalmente, foi unha honra e unha satisfacción traballar no Pazo de Pousada baixo a súa dirección.

Creo que nestas páxinas puiden narrar o gran labor do Sr. Gallástegui e tamén a miña achega, o meu gran de area, ó Pazo de Pousada.

